

Estimadas nais e pais do I.E.S ILLA DE SAN SIMÓN

A Asociación de nais e pais do Alumnado (ANPA) Paulina Sánchez Otero convoca unha xuntanza o **vindeiro venres 18 de outubro ás 20: 00h.**(puntualidade) no I.E.S. Illa de San Simón. Temos moitas cousas que contarvos en pouco tempo. Esperamos a vosa presenza.

- Aos de 1º curso: Queremos presentarnos.
- Aos de 2º e 3º curso: Informarvos do que fixemos e do que se vai facer.
- Aos de 4º curso: Falaremos da excursión de final de curso.
- A tod@s: Actualización do ANPA:tedes proposta de novos Estatutos no enlace <https://app.box.com/s/pjgqdaerovdxdesa3j6q8mp9lm8b3e5>, certificación dixital, Xunta Directiva, Federarse en FOAMPAS....
- A tod@s: Virá o monitor de Prado Surf a presentar a actividade extraescolar de Surf.

A máis queremos dicirvos que esta ANPA está apoiando activamente ao movemento veciñal contra a casa de apostas ou salón de xogos que pretenden abrir moi preto do noso centro educativo. Queremos animarvos a apoiar acudindo os luns das 18 ás 19 h. ás concentracións que se fan diante deste local na Rúa Ernestina Otero Nº47.

Ábrese o prazo para pagar a cota da ANPA PAULINA SANCHEZ OTERO. A cota anual por familia é de 12 euros a ingresar na seguinte conta bancaria do Banco Caixa Geral:

IBAN ES41 0130 3096 8102 0017 5284

IMPORTANTE: Hai que por no apartado CONCEPTO o curso e o nome do nen@

Non é obrigatorio asociarse ao ANPA, pero neste caso o alumnado non se beneficiará das axudas destinadas a sufragar as diferentes actividades.

É requisito indispensable ter todas as cotas pagadas (as dos 4 cursos) para poder ir na viaxe de fin de curso de 4º da ESO, que organizamos a ANPA.

Pedimos a colaboración de tódalas familias, por iso agradecemos que:

- 1) Cubrir o cupón cos datos do alumn@/s e curso/s (UN POR FAMILIA).
- 2) Facer o ingreso da cota do ANPA (os 12 euros)
- 3) Depositar na Caixa de Correo do ANPA, que hai no Instituto ao carón da conserxería

O cupón cos datos + copia do ingreso

O prazo para asociarse para este curso 2019/2020 finaliza o 30 de novembro do 2019. Todos os ingresos posteriores a esa data , soamente teranse en conta para a excursión de fin de curso de 4º da ESO.

Calquera dúbida ou aclaración, podedes dirixila o correo electrónico anpapaulinasanchez@gmail.com ou chamando ao teléfono 615669560.

Agradecemos calquera suxestión, para realizar actividades neste curso. Estamos a vosa disposición para apoiarnos ante calquera dúbida ou problema que xurda. Tamén enviaremosvos notas informativas e colgarémolas **na páxina web do instituto.**

Un saúdo

Redondela 3 de novembro 2018

ANPA PAULINA SANCHEZ OTERO

Cupón do ANPA para facerse soci@ durante o curso 2019/2020

Nome do alumn@.....Curso.....ESO

Ingreso ANPA Paulina Sánchez Otero, Banco Caixa Geral: IBAN ES41 0130 3096 8102 0017 5284

